

#### 4.- CATÁLOGO

Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia no seu artigos 53, punto primeiro, apartado f, establece que se incluírá un catálogo dos elementos que polos seus valores naturais ou culturais, ou pola súa relación co dominio público, haxan de ser conservados ou recuperados, coas medidas de protección que procedan.

Por outra parte, a Lei do solo de Galicia no seu artigo 75, define Os catálogos como instrumentos complementarios dos Plans cuxo obxecto é identificar as construcións, recintos, xardíns, monumentos, inmobles ou outros elementos que, polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos, se estime conveniente conservar, mellorar ou recuperar.

Identificaranse os núcleos rurais, inmobles, construcións, instalacións ou outros elementos existentes de carácter tradicional en solo rústico, ou conxuntos de estes, que merezan ser obxecto de especial protección en razón aos seus valores culturais, históricos, artísticos, arqueolóxicos ou etnográficos, tais como vivendas, hórreos, fontes, cruceiros, muíños, pazos, Igrexas, pontes xacementos arqueolóxicos e outros.

Neste Plan acolléndonos a esta lexislación, realizase un catálogo de todos os bens culturais, arquitectónicos, históricos, artísticos, etnográficos e naturais, que deben ser protexidos e mellorados.

O listado de bens que presentamos acompáñase de información detallada e do grao de protección que cada un deles require coas condicións dos mesmos. Este listado realizase sen prexuízo das condicións que a lexislación sectorial vixente poda establecer para cada un deles, e para calquera outros que se puidesen engadir.

Grupo Arqueolóxico  
 Grupo Arquitectónico  
   Arquitectura Religiosa  
   Arquitectura Civil  
   Construcións populares  
   Cruceiros e Petos de Ánimas  
 Conxunto histórico

Listado de bens a protexer dentro do Grupo Arqueolóxico:

GRUPO ARQUEOLÓXICO (Dentro do término municipal)			
Codxax	Nome	Parroquia/Lugar	Tipoloxía
GA15047001	Castro de Boado	Boado (Santiago) / Castro	Castro
GA15047002	Mámoa de Lagares	Boado (Santiago) / Lagares	Mámoa
GA15047003	A Roda	Albixoi (Santa María) / Fieiteira	Castro
GA15047004	Castro de Xanceda	Xanceda (San Salvador) / O Castro	Castro
GA15047005	Couto do Castro	Castro (San Sebastián) / Receá	Castro
GA15047006	Castro de Pousada	Cumbras (Santa María) / Fontefría	Castro
GA15047007	Castro das Rodas	Cumbras (Santa María) / Fontefría	Castro
GA15047008	A Medorra dos Catro Cregos	Xanceda (San Salvador) / M. Gasalla	Mámoa
GA15047009	Castro de Soutelo / Castro de Olas	Olas (San Lourenzo) / Soutelo	Castro
GA15047010	Castro de Mesía / Castro de Castiñeiras	Mesía (San Cristobo) / Castiñeiras	Castro
GA15047011	Medorras do Monte de Campelo (2 mámoas)	Xanceda (San Salvador) / Campelo	Mámoa
GA15047012, 24, 25	Mámoas de A Revolta da Modorra (3 mámoas)	Xanceda (San Salvador) / Campelo	Mámoa
GA15047013			
GA15047014	Castelo de Mesía / Castelo de A Pobra	Mesía (San Cristobo) / A Pobra	Castro
GA15047015 e 20-23	Medorras da Revolta de Bandeira (5 mámoas)	Cabruí (San Martiño) / O Cruceiro	Mámoas
GA15047016	Castro de Visantoña / Castro de Ricos	Visantoña (San Martiño) / Ricos	Castro
GA15047017	Os Castros de Torre	Bascoi (Santiago) / Tamarín	Castro
GA15047018	Medorra do Alto de Picoi	Cabruí (San Martiño) / Picoi	Mámoa
GA15047019	Castro do Monteiro	Bascoi (Santiago) / Campo	Castro
GA15047026	Chousa Nova	Xanceda (San Salvador) / Chousa Nova	
GA15047027 - 29	Mámoas do Francés (3 mámoas)	Albixoi (Santa María) / Pereira	Mámoa
GA15047059		T.M. Frades	
GA15047060	Chousa Nova	Xanceda (San Salvador) / Chousa Nova	
GA15026010	Castro da Brea	Visantoña (San Martiño) / A Brea	Castro
REF15047001	Castro de Pereira	Albixoi (Santa María) / Pereira	Castro
TOP15047001	As Medorras	Cumbras (Santa María) / Castrillón	
TOP15047002	Castrillón / Castrillón	Cumbras (Santa María) / Castrillón	
TOP15047003	A Medorra	Xanceda (San Salvador) / O Campo	

Dentro do Grupo Arquitectónico procédese a un duplo listado, nun primeiro caso por elementos catalogados pertencentes á mesma parroquia, e nun segundo caso por tipo de elemento catalogado seguindo a subdivisión do grupo arquitectónico.

Independentemente do grao de protección con que contén os elementos catalogados, calquera intervención que se pretenda levar a cabo nun ben catalogado ou na súa área de respecto, precisárase autorización da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

TABLA 1.- Listado por elementos catalogados pertencentes a cada parroquia.

ALBIXOI (SANTA MARIÑA)						
NÚCLEO / LUGAR	ELEMENTO CATALOGADO	ARQ. CIVIL	ARQ. RELIX.	CÓDIGO CONST. POPULARES	CRUCEIROS e PETOS	CONX: HIST.
Igrexa, A Igrexa, A Igrexa, A	Casa Reitoral Igrexa Parroquial de Santa Mariña Cruceiro de Albixoi	AC-01	AR-01		CR-01	

  

CASTRO (SAN SEBASTIÁN)						
NÚCLEO / LUGAR	ELEMENTO CATALOGADO	ARQ. CIVIL	ARQ. RELIX.	CÓDIGO CONST. POPULARES	CRUCEIROS e PETOS	CONX: HIST.
Carballeira, A Igrexa, A Igrexa, A Igrexa, A Lago, O Lago, O Lago, O Naseiro Vila, A Vila, A Vila, A Vila, A Vila, A	Casa da Carballeira Casa Reitoral Igrexa Parroquial de San Sebastián Cruceiro de Castro Pazo de Lago Capela do Pazo de Lago Hórreo do Pazo de Lago Muiño Casa da Vila ou Pazo de Castro Cortello na Casa da Vila Fonte na Casa da Vila (dentro) Fonte na Casa da Vila (fora) Hórreo na Casa da Vila	AC-06 AC-07  AC-08  AC-09	AR-07  AR-08		CR-05  CP-05 CP-06 CP-07 CP-08 CP-09 CP-10	

  

BASCOI (SANTIAGO)						
NÚCLEO / LUGAR	ELEMENTO CATALOGADO	ARQ. CIVIL	ARQ. RELIX.	CÓDIGO CONST. POPULARES	CRUCEIROS e PETOS	CONX: HIST.
Igrexa Igrexa Maquias da Pobra Muiño de Xan García Pobra, A Pobra, A	Igrexa Parroquial de Santiago Cruceiro de Bascoi Maquia da Pobra Muiño de Xan García Castelo de Mesía Capela de San Roque		AR-02		CR-02 CP-01 CP-02	
		AC-02	AR-03			

  

BOADO (SANTIAGO)						
NÚCLEO / LUGAR	ELEMENTO CATALOGADO	ARQ. CIVIL	ARQ. RELIX.	CÓDIGO CONST. POPULARES	CRUCEIROS e PETOS	CONX: HIST.
Fontorto Igrexa, A Igrexa, A Pazo, O Pazo, O	Hórreo de Bello Igrexa Parroquial de Santiago Cruceiro de Boado Pazo de Guerra Hórreo no Pazo de Guerra		AR-04	CP-03	CR-03	
		AC-03		CP-04		

  

BRUMA (SAN LOURENZO)						
NÚCLEO / LUGAR	ELEMENTO CATALOGADO	ARQ. CIVIL	ARQ. RELIX.	CÓDIGO CONST. POPULARES	CRUCEIROS e PETOS	CONX: HIST.
Hospital Hospital Hospital	Hospital de peregrinos Igrexa Parroquial de San Lourenzo Camiño de Santiago	AC-04	AR-05			CH-01

  

CABRUI (SAN MARTIÑO)						
NÚCLEO / LUGAR	ELEMENTO CATALOGADO	ARQ. CIVIL	ARQ. RELIX.	CÓDIGO CONST. POPULARES	CRUCEIROS e PETOS	CONX: HIST.
Igrexa, A Igrexa, A Tarroeira, A	Igrexa Parroquial de San Martiño Cruceiro de Cabrui Casa Reitoral		AR-06		CR-04	
		AC-05				

  

CUMBRAOS (SANTA MARÍA)						
NÚCLEO / LUGAR	ELEMENTO CATALOGADO	ARQ. CIVIL	ARQ. RELIX.	CÓDIGO CONST. POPULARES	CRUCEIROS e PETOS	CONX: HIST.
Igrexa, A Mesón de Varela, O	Igrexa Parroquial de Santa María Cruceiro de Cumbraos		AR-09		CR-06	

  

LANZÁ (SAN MAMEDE)						
NÚCLEO / LUGAR	ELEMENTO CATALOGADO	ARQ. CIVIL	ARQ. RELIX.	CÓDIGO CONST. POPULARES	CRUCEIROS e PETOS	CONX: HIST.
Fonte Lanzá Fonte Lanzá Lanzá Lanzá	Casa Reitoral Capela da Anunciación Cruceiro de Lanzá Cruceiro da Capela	AC-10	AR-10		CR-07 CR-08	

  

MESÍA (SAN CRISTOVO)						
NÚCLEO / LUGAR	ELEMENTO CATALOGADO	ARQ. CIVIL	ARQ. RELIX.	CÓDIGO CONST. POPULARES	CRUCEIROS e PETOS	CONX: HIST.
Cruceiro, O Cruceiro, O Chousa Igrexa, A Igrexa, A Igrexa, A Leboris Leboris Montes Leboris Recelle Torre, A	Ermida da Mercé Cruceiro do Campo da Festa Muiño de Leboris e Pontella Casa Reitoral Igrexa Parroquial de San Cristovo Cruceiro de Mesía Casa en Leboris Hórreo de Leboris Muiño de Vilar Pazo de Recelle Casa na Torre		AR-11 AR-12		CR-09 CP-11 CR-10 CP-12 CP-13	
		AC-11 AC-12 AC-13 AC-14				

OLAS (SAN LOURENZO)						
NÚCLEO / LUGAR	ELEMENTO CATALOGADO	ARQ. CIVIL	ARQ. RELIX.	CÓDIGO		CONX: HIST.
				CONST. POPULARES	CRUCEIROS e PETOS	
<i>Cruceiro, O</i>	Cruceiro de Olas				CR-11	
<i>Chousa de San Antonio</i>	Capela de Santo Antón		AR-13			
<i>Chousa de San Antonio</i>	Cruceiro de Santo Antón				CR-12	
<i>Chousa de San Antonio</i>	Carballeira de Santo Antón					CH-02
<i>Igrexa, A</i>	Igrexa Parroquial de San Lourenzo		AR-14			
<i>Queiroa de Arriba</i>	Capela de San Cidre		AR-15			
<i>Voltares</i>	Muíño Grande dos Baltares			CP-14		

VISANTOÑA (SAN MARTIÑO)						
NÚCLEO / LUGAR	ELEMENTO CATALOGADO	ARQ. CIVIL	ARQ. RELIX.	CÓDIGO		CONX: HIST.
				CONST. POPULARES	CRUCEIROS e PETOS	
<i>Igrexa, A</i>	Casa na Igrexa	AC-15				
<i>Igrexa, A</i>	Igrexa Parroquial de San Martiño		AR-16			
<i>Igrexa, A</i>	Hórreo en Visantoña			CP-15		
<i>Igrexa, A</i>	Cruceiro de San Xoán ou de Visantoña				CR-13	
<i>Rochiño Grande</i>	Capela de Santo Domingo		AR-17			

XANCEDA (DIVINO SALVADOR)						
NÚCLEO / LUGAR	ELEMENTO CATALOGADO	ARQ. CIVIL	ARQ. RELIX.	CÓDIGO		CONX: HIST.
				CONST. POPULARES	CRUCEIROS e PETOS	
<i>Campo da Igrexa</i>	Igrexa Parroquial de San Salvador		AR-18			
<i>Campo da Igrexa</i>	Cruceiro de San Salvador				CR-14	
<i>Casagrande, A</i>	Casa Grande de Xanceda	AC-16				
<i>Fonte, A</i>	Casa na Fonte	AC-17				
<i>Fonte, A</i>	Fonte - Lavadero			CP-16		
<i>Fonte, A</i>	Hórreo			CP-17		
<i>Fonte, A</i>	Pombal			CP-18		
<i>Pereiras, As</i>	Casa Reitoral	AC-18				

TABLA 2.- Listado por tipoloxía de elemento.

ARQUITECTURA CIVIL			
CÓDIGO	ELEMENTO CATALOGADO	NÚCLEO / LUGAR	PARROQUIA
AC-01	Casa Reitoral	Igrexa, A	Albixoi (Santa Mariña)
AC-02	Castelo de Mesía	Pobra, A	Bascoi (Santiago)
AC-03	Pazo de Guerra	Pazo, O	Boado (Santiago)
AC-04	Hospital de peregrinos	Hospital	Bruma (San Lourenzo)
AC-05	Casa Reitoral	Tarroeira, A	Cabruí (San Martiño)
AC-06	Casa da Carballeira	Carballeira, A	Castro (San Sebastián)
AC-07	Casa Reitoral	Igrexa, A	Castro (San Sebastián)
AC-08	Pazo de Lago	Lago, O	Castro (San Sebastián)
AC-09	Casa da Vila ou Pazo de Castro	Vila, A	Castro (San Sebastián)
AC-10	Casa Reitoral	Fonte Lanzá	Lanzá (San Mamede)
AC-11	Casa Reitoral	Igrexa, A	Mesía (San Cristovo)
AC-12	Casa en Leborís	Leborís	Mesía (San Cristovo)
AC-13	Pazo de Recelle	Recelle	Mesía (San Cristovo)
AC-14	Casa na Torre	Torre, A	Mesía (San Cristovo)
AC-15	Casa na Igrexa	Igrexa, A	Visantoña (San Martiño)
AC-16	Casa Grande de Xanceda	Casagrande, A	Xanceda (San Salvador)
AC-17	Casa na Fonte	Fonte, A	Xanceda (San Salvador)
AC-18	Casa Reitoral	Pereiras, As	Xanceda (San Salvador)

ARQUITECTURA RELIXIOSA			
CÓDIGO	ELEMENTO CATALOGADO	NÚCLEO / LUGAR	PARROQUIA
AR-01	Igrexa Parroquial de Santa Mariña	Igrexa, A	Albixoi (Santa Mariña)
AR-02	Igrexa Parroquial de Santiago	<i>Igrexa</i>	Bascoi (Santiago)
AR-03	Capela de San Roque	Pobra, A	Bascoi (Santiago)
AR-04	Igrexa Parroquial de Santiago	Igrexa, A	Boado (Santiago)
AR-05	Igrexa Parroquial de San Lourenzo	Hospital	Bruma (San Lourenzo)
AR-06	Igrexa Parroquial de San Martiño	Igrexa, A	Cabruí (San Martiño)
AR-07	Igrexa Parroquial de San Sebastián	Igrexa, A	Castro (San Sebastián)
AR-08	Capela do Pazo de Lago	Lago, O	Castro (San Sebastián)
AR-09	Igrexa Parroquial de Santa María	Igrexa, A	Cumbras (Santa María)
AR-10	Capela da Anunciación	Fonte Lanzá	Lanzá (San Mamede)
AR-11	Ermida da Mercé	Cruceiro, O	Mesía (San Cristovo)
AR-12	Igrexa Parroquial de San Cristovo	Igrexa, A	Mesía (San Cristovo)
AR-13	Capela de Santo Antón	<i>Chousa de San Antonio</i>	Olas (San Lourenzo)
AR-14	Igrexa Parroquial de San Lourenzo	Igrexa, A	Olas (San Lourenzo)
AR-15	Capela de San Cidre	Queiroa de Arriba	Olas (San Lourenzo)
AR-16	Igrexa Parroquial de San Martiño	Igrexa, A	Visantoña (San Martiño)
AR-17	Capela de Santo Domingo	Rochiño Grande	Visantoña (San Martiño)
AR-18	Igrexa Parroquial de San Salvador	Campo da Igrexa	Xanceda (San Salvador)

## CONSTRUCCIÓNS POPULARES

CÓDIGO	ELEMENTO CATALOGADO	NÚCLEO / LUGAR	PARROQUIA
CP-01	Maquia da Pobra	Maquias da Pobra	Bascoi (Santiago)
CP-02	Muiño de Xan García	Muiño de Xan García	Bascoi (Santiago)
CP-03	Hórreo de Bello	Fontorto	Boado (Santiago)
CP-04	Hórreo no Pazo de Guerra	Pazo, O	Boado (Santiago)
CP-05	Hórreo do Pazo de Lago	Lago, O	Castro (San Sebastián)
CP-06	Muiño	Naseiro	Castro (San Sebastián)
CP-07	Cortello na Casa da Vila	Vila, A	Castro (San Sebastián)
CP-08	Fonte na Casa da Vila (dentro)	Vila, A	Castro (San Sebastián)
CP-09	Fonte na Casa da Vila (fora)	Vila, A	Castro (San Sebastián)
CP-10	Hórreo na Casa da Vila	Vila, A	Castro (San Sebastián)
CP-11	Muiño de Leborís e Pontella	Chousa	Mesía (San Cristovo)
CP-12	Hórreo de Leborís	Leborís	Mesía (San Cristovo)
CP-13	Muiño de Vilar	Montes Leborís	Mesía (San Cristovo)
CP-14	Muiño Grande dos Baltares	Voltares	Olas (San Lourenzo)
CP-15	Hórreo en Visantoña	Igrexa, A	Visantoña (San Martiño)
CP-16	Fonte - Lavadero	Fonte, A	Xanceda (San Salvador)
CP-17	Hórreo	Fonte, A	Xanceda (San Salvador)
CP-18	Pombal	Fonte, A	Xanceda (San Salvador)

## CRUCEIROS e PETOS

CÓDIGO	ELEMENTO CATALOGADO	NÚCLEO / LUGAR	PARROQUIA
CR-01	Cruceiro de Albixoi	Igrexa, A	Albixoi (Santa Mariña)
CR-02	Cruceiro de Bascoi	Igrexa	Bascoi (Santiago)
CR-03	Cruceiro de Boado	Igrexa, A	Boado (Santiago)
CR-04	Cruceiro de Cabrui	Igrexa, A	Cabrui (San Martiño)
CR-05	Cruceiro de Castro	Igrexa, A	Castro (San Sebastián)
CR-06	Cruceiro de Cumbraos	Mesón de Varela, O	Cumbraos (Santa María)
CR-07	Cruceiro de Lanzá	Lanzá	Lanzá (San Mamede)
CR-08	Cruceiro da Capela	Lanzá	Lanzá (San Mamede)
CR-09	Cruceiro do Campo da Festa	Cruceiro, O	Mesía (San Cristovo)
CR-10	Cruceiro de Mesía	Igrexa, A	Mesía (San Cristovo)
CR-11	Cruceiro de Olas	Cruceiro, O	Olas (San Lourenzo)
CR-12	Cruceiro de Santo Antón	Chousa de San Antonio	Olas (San Lourenzo)
CR-13	Cruceiro de San Xoán ou de Visantoña	Igrexa, A	Visantoña (San Martiño)
CR-14	Cruceiro de San Salvador	Campo da Igrexa	Xanceda (San Salvador)

Dentro do Conxunto Histórico procédese a un listado dos elementos catalogados tendo en conta que a traza do camiño, na súa ruta coñecida como Camiño Inglés ten o carácter de territorio histórico do Camiño de Santiago, contemplado na Lei 3/1996 de Protección dos Camiños de Santiago e na Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia.

## CONXUNTO HISTÓRICO

CÓDIGO	ELEMENTO CATALOGADO	NÚCLEO / LUGAR	PARROQUIA
CH-01	Camiño de Santiago	Hospital	Bruma (San Lourenzo)
CH-02	Carballeira de Santo Antón	Chousa de San Antonio	Olas (San Lourenzo)

Dentro do conxunto arquitectónico do concello podemos destacar aquelas edificacións de maior interese, facendo unha distinción entre a arquitectura relixiosa e a arquitectura civil.

## 4.1.- Arquitectura Relixiosa

A maior parte dos templos pódense encadrar entre os séculos XVII e XIX, habendo tamén edificios de séculos anteriores como a de San Martiño de Cabrui e Sta. María de Cumbraos que datan do século XIII ou Sta. Mariña de Albixoi e a Capela de Bruma que datan do século XVI.

A tipoloxía arquitectónica repítese en case todas elas, sendo constantes unha serie de elementos tales como a planta rectangular na que se inscriben unha capela maior situada na cabeceira – de planta cadrada ou rectangular - e unha nave que se separa da ábsida por medio dun arco triunfal. Case tódolos exemplos posúen unha sancristía pegada a un dos muros do presbítero, que pode ter acceso dende o interior e dende o exterior. Constitúen excepción as igrexas de San Cristovo de Mesía e a do Divino Salvador de Xanceda, con plantas de cruz grega e latina respectivamente, se ben ámbalas dúas presentan sancristía pegada ó presbítero. Outras características comúns son as estruturas de madeira como cuberta ou incluso de formigón, como é o caso de San Lourenzo de Olas, a presenza de coro elevado de madeira ós pés e o emprego de uros lucidos deixando a cantería á vista na fachada e nas esquinas de marcos e dos vans.

Na parte frontal, moi similar en todas elas, concéntrase a práctica totalidade da decoración, que adoita ter unha composición simétrica co característico sistema pentagonal, rematado na parte superior por unha cornixa a dúas augas, que vese truncada pola espadana que a coroa. Esta sitúase nun eixo central imaxinario xunto coa porta, xeralmente rectangular a excepción da de Santiago de Bascoi, formada por un arco de medio punto de grandes doelas, e un pequeno oco. A fornela que alberga ó santo que dá nome á igrexa non aparece en ningún dos exemplos barrocos analizados no concello. No referente ós campanarios, a tipoloxía xeral é a espadana composta por un ou dous corpos, que é o lugar no que se concentra a decoración composta principalmente por pináculos.

Pola súa relevancia histórica é preciso citala capela do Hospital de Bruma vinculada ó Camiño Inglés, que segue a tipoloxía citada, aínda que impregnada de rusticidade e hoxe en día lixeiramente transformada por remodelacións recentes.

Como elemento singular, sinalar a presenza dun rosetón pétreo dunha soa peza na capela de San Antonio que non aparece en ningún exemplo da zona.

## 4.2.2.- Arquitectura Civil

Dentro da arquitectura civil se conservan algúns Pazos destacando o Pazo de Recelle, O Pazo de Lago, A Casa Grande de Xanceda, Casa da Vila e A Casa do Coronel. Mención aparte ten a Torre-Fortaleza de Mesía, protexido polo Decreto de 22 de abril de 1949 e considerado ben de interese cultural pola mesma disposición adicional.

**Pazo de Recelle**

Esta casa foi construída no século XVII por D. Antonio Varela do Barreiro e Dona Inés Fernández Marzoa. A edificación é unha grande casa solariega que conserva un escudo no que se aprecian as faixas e as torres dos Ribera ou Puga, a roda de Santa Catalina dos Varela, a casa dos Espantoso e tres flores de lis. Os señores de Recelle foron os fundadores en 1650 da capela de Nosa Señora de Arxán, situada na mesma parroquia. Esta capela posúe un retablo de estilo neoclásico de 1776, restaurado na actualidade, ó igual que a totalidade do edificio.

**Pazo de Lago**

O Pazo de Lago, construído no S. XVIII, pertencente aos Vereas e Aguiar, encóntrase na parroquia de Castro.

É un edificio rectangular de cachotería cunha cheminea de grandes proporcións. A súa sinxela fachada, na que cabe destacar un reloxo de sol, corresponde á dunha tradicional casona de labradores. Posúe unha pequena Capela no recinto e un hórreo de dimensións considerables, ambos en boas condicións.

**Casa Grande de Xanceda**

De estilo barroco, orixinalmente tiña un torreón e unha pequena capela advocada á Virxe do Rosario. Pertenceu ó Marquesado de San Martiño de Ombreiro. Aínda conserva unha pequena torre de planta cadrada a carón do edificio principal ademais dun desgastado escudo no que aparecen as armas dos Mosquera, Aguiar e Montenegro.

**Casa da Vila**

Mandada construír por Saturnino Aller, que foi presidente da Deputación da Coruña. Data do S. XIX e posúe unha biblioteca cun bo número de volumes, ó igual que un observatorio na parte máis alta, pois alí vivía don Ramón Aller, coñecido astrónomo irmán do antigo dono.

**Torre-Fortaleza de Mesía**

Torre-fortaleza está situada no lugar de A Proba, parroquia de Santiago de Bascoi. No que hoxe son ruínas, estivo no pasado ubicada a cabeza da xurisdición de Mesía que abarcaba 45 parroquias, incluídas as dos concellos limítrofes. Dita xurisdición estivo exercida desde o século XV polo bispo de Santiago.

A torre-fortaleza de Mesía era un punto estratéxico de carácter militar que significaba o control e o dominio territorial dunha ampla zona xeográfica.

Esta fortaleza comeza a edificarse a finais do século XIII ou principios do XIV.

A construción consta dunha torre interior amurallada, con defensas exteriores de forma poligonal e rodeadas dun foso. A torre da homenaxe era moito máis alta que as murallas e probablemente estivera almenada, como a maior parte dos castelos da época.

Nalgúns puntos a construción chega a ter 18 metros de elevación, e os muros teñen un grosor medio de 2,5 m. Non se conserva documentación gráfica do seu aspecto orixinal.

Distintos autores citan o señorío de Mesía e a súa torre ó longo da historia, e atopamos descrições moi interesantes como a que fixo o Cardeal Hoyo en 1608, cando visitou esta diocese:

"La fortaleza de Mesía está a sete leguas da cidade de Santiago cara Betanzos. Ten as paredes fortes e uns durrumbaderos por toda ela. O redor e pola parte Oriente e do Septentrión, la cerca un río ( el Samo) e só a entrada pola porta ten llana. Ten algúns aposentos e razoable vivenda, pero moi lóbrega y melancólica. Na fortaleza e xulgado de Mesía, que ten 2000 vasallos, pon (o Arzobispo) un xuíz, o cal así mesmo es alcaide de dicha fortaleza."

As primeiras noticias escritas que se teñen acerca do castelo datan de 1401 e trátanse dun documento no que Gonzalo Díaz de Mesía, señor desta xurisdición, foi pleito de homenaxe nas mans de Bernal Yáñez de ter a fortaleza polo Arcebispo D. Lope de Mendoza. O nome de Gonzalo Díaz de Mesía aparece nunha inscrición que figuraba no lintel da porta da torre da homenaxe: (ESTA CASA FEZO D. GONZLAVO (Gonzalvo) DÍAZ DE MESÍA E SUA MOLER M(María) PRES (Peres)).

De Gonzalo Díaz de Mesía di o cronista Vasco de Aponte na súa obra Recuento de las casas antigas do reino de Galicia, escrita entre os anos 1510 e 1516, que "serviú moi ben ao rei D. Enrique e ganou as sete felegresías, era home esforzado e valente. Tiña corenta lanzas e cen homes. (...) Se o mataban un home, el mataba dous por el. Abateu a casa de Ledoira, Guerreábase con Ruy Sánchez, su primo, facéndolle dous por una. O arcebispo no lle facía forza."

O seu fillo, García Díaz de Mesía, reitera en 1427 o pleito e a homenaxe, en mans de Bermúdez de Montaos. O morrer García Díaz, herda a súa única filla Dona Constanza, casada con D. Alvaro de Castro, quen ó morrer a súa muller sen descendencia, posesionase da casa e das terras.

Según Vasco de Aponte, despois da morte de Dona Constanza, Ares Pardo das Mariñas, primo de García Díaz de Mesía, e parente máis próximo da falecida, ó ter coñecemento, casa a súa filla Dona Berenguela con Alonso de Mendoza e dálle a Casa de Mesía en dote.

A escritura dotal é de 1430, e contra o que era de esperar, o Arcebispo Don Lope de Mendoza, que litigaba dende moito antes pola posesión da fortaleza, non se opuxo a este asunto quizais por ser tío de Alonso de Mendoza, ou ben porque o dereito que os prelados composteláns dicían ter, era puramente nominal.

Dona Berenguela das Mariñas e Don Alonso de Mendoza tiveron un único fillo, herdeiro absoluto da xurisdición e da fortaleza, Chamado Don Lope Pérez de Mendoza. O Arcebispo seguinte, Don Rodrigo Luna, quiso disputarlle a propiedade nun escrito do 29 de marzo de 1457 no que lle advirte a D. Lope que non tome posesión sen o seu consentimento.

Don Lope Pérez, a súa morte, acaecida cara ó 1462, deixa en testamento as terras e a fortaleza ó seu tío Gómez Pérez das Mariñas, irmán da súa nai Dona Berenguela.

O ano 1467 foi determinante na historia da torre-fortaleza. Os Irmandiños tomárona e foi destruída, pero ó ser abandonada por estes, o Arcebispo Fonseca usurpou a propiedade e restaurouna.

Despois da famosa batalla de Altamira, os cabaleiros galegos ó mando de Gómez Pérez das Mariñas, derrotaran a Fonseca, recuperando o dominio sobre as fortalezas e castelos dos que se tiña apoderado o prelado aproveitando as sublevacións irmandiñas.

Gómez Pérez deixou a torre en herdanza á súa filla Dona Ginebra, xunto coa xurisdición e as terras de Mesía, máis ó casar co castelán Luís Azevedo e marchar para Salamanca, outros señores do entorno usurparon a torre, e pretenderon construír mais castelos neste territorio. Así, Azevedo e a súa muller quéixanse a raíña Isabel a Católica, que atendeu as súas demandas en Valladolid no 1476, ordenando ás xustizas de Galicia que impedisen a edificación doutras fortalezas na xurisdición de Mesía.

Ó morrer Dona Ginebra, herdou a súa filla Dona Catalina, que foi casada con Don Antonio de Quiñónez e perdeu a casa. O cronista non explica quen foi o usurpador, aínda que o máis seguro é que se trate do Arcebispo Alonso II de Fonseca, fillo e sucesor do outro prelado do mesmo nome, e primo de Dona Catalina, pois de feito, desde 1523 a fortaleza pasa a ser propiedade da Mitra compostelán.

Así foron pasando os séculos, e no 1858 a construción conservábase intacta, como o confirmaban as “guías” de Galicia publicadas na etapa decimonónica, que citaban a torre como un dos monumentos arquitectónicos máis dignos de ser visitados.

Só dous anos máis tarde, o poeta Ángel Corzo, nunha carta persoal a D. José Domínguez de Izquierdo, comenta que “ hace dos días que estoy en Mesía, quise visitar su antiguo castillo, y lo encuentro deshecho por el pico y la hazada del hombre”.

A torre debeuse desplomar en 1859. Xa extinguidas as xurisdicións, e creados os municipios, o Concello de Mesía adoptou por armas no seu escudo a famosa torre, reproducida en 1847 no selo municipal.

Cabe destacar que o Castelo de Mesía e según o Decreto de 22 de abril de 1949 sobre Protección de Castillos Españoles, expedido polo Ministerio de Educación Nacional (B.O.E. 5-5-1949), queda baixo a tutela do Estado e foi declarado Ben de Interese Cultural o 17 de novembro de 1994, dentro da categoría de Monumento co código (R.I.)-51-0008854-00000, como así consta na base de datos do Ministerio de Cultura.

Con todo isto, e de igual modo, indícase que este catálogo é un documento aberto e que no caso de producirse altas ou baixas de elementos do mesmo, deberase tramitar o oportuno expediente na Consellería de Cultura.

No referente ao escrito con data de saída 26/06/2008 referente ao patrimonio arquitectónico e etnográfico do concello de Mesía, cumpre dicir:

- Bascoi (Santiago)  
O cruceiro de San Roque atopábase nas proximidades da Torre-Fortaleza da Pobra e o asinado pola Dirección Xeral de Patrimonio, non ten valor algún etnográfico, polo que non se lle fai ficha.
- Cabruí (San Martiño)  
As coordenadas da Casa Reitoral desta parroquia danos como resultado unha vivenda particular, atopándose a verdadeira reitoral nas coordenadas 565864,4774746, na parcela do Igrexario, nas proximidades da Tarroeira, como así consta na ficha correspondente **(AC-05)**.
- Cumbraos (Santa María)  
O Cruceiro de Cumbraos ao que fai referencia o listado non ten valor etnográfico algún e catalógase o localizado no campo da festa, ao outro lado da N-634, que se ben é certo non é o orixinal do cal só quedan as gradas que ten unha inscrición de 1796, co código **CR-06**.
- Lanzá (San Mamede)  
As Normas Subsidiarias fan referencia á antiga Igrexa Parroquial, que atopábase onde hoxe están os panteóns, no cemiterio. Non queda nada dela e a incluída no listado da Dirección de Patrimonio Cultural é de ladrillo e no ten máis de 32 anos, polo que non se lle fai ficha.  
  
Pola contra, no lugar da antiga capela atopamos o cruceiro da Capela **(CR-08)** que localizábase nas proximidades da Capela de Fonte Lanzá, pero foi traslado pois coincidía su ubicación coa traza dunha pista de concentración, a que une as parroquias de Boado e Lanzá. A pila bautismal que atópase diante do mesmo, pertencía á comentada igrexa.
- Mesía (San Cristovo)  
O muíño e Pontella de Leborís, atópanse na parroquia de Mesía, e no na parroquia de Bascoi como aparece reflectido no mencionado listado.
- Olas (San Lourenzo)  
O núcleo de Queiroa de Arriba, pertence a parroquia de San Lourenzo de Olas, como así queda reflectido na súa correspondente ficha **(AR-15)**, e non a parroquia de Visantóña.

No referente ao escrito con data de saída 26/07/2010 referente ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural respecto ao documento do PXOM de Mesía cumpre dicir:

#### Catalogo Arquitectónico

- Procedeuse a unha revisión das fichas no referente ao elemento catalogado, tendo en consideración o tipo de elemento (Pazo, Igrexa,...). Do mesmo modo revisáronse os códigos dos elementos catalogados, así como o nivel de protección e a clasificación do solo onde se sitúan.
- Modificáronse as fichas AR-03, AC-03, AC-12 e AC-13, onde se fai referencia ao Decreto 571/1963 de 14 de Marzo, sobre protección de los escudos, emblemas, piedras heráldicas, rollos de justicia, cruces de término y piezas similares de interés históricoartístico..
- No referente ao Camiño de Santiago (Camiño Inglés), modificouse a ficha, cun maior grao de definición (características da vía o estado de conservación), así como os elementos característicos do núcleo rural (fontes, tipoloxía de peches,...). Inclúese un plano cunha descrición gráfica que achegue maior información en todo o seu percorrido ao longo do trazado.